

ADENDA DE MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS 2021-2022

1ª modificación

As profesoras do Departamento de Francés decidiron que na 2ª avaliación e posteriores as notas medias redondearanse á cifra enteira superior no caso de superar as 50 centésimas, e á cifra inferior se non chega ás 50 centésimas. Procédese así a modificar todos os apartados da Programación do Departamento de Francés para o curso 2021-2022 onde se establece dito redondeo.

2ª modificación

Esta modificación ten lugar no punto 3.6 da nosa programación que leva por título “OS PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRESIÓN NA APRENDIZAXE DO ALUMNADO E OS CRITERIOS DE RECUPERACIÓN”

Engadimos un punto:

3.6.3 Avaliación final.

Tal e como establece a Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11-2-22), modificamos a nosa programación para establecer como realizaremos no noso departamento a avaliación final.

Na ESO

Dende o remate das probas da 3ª avaliación, empezaremos a realizar nas clases as actividades previstas polas profesoras do Departamento para reforzar e revisar os contidos impartidos durante o ano escolar nos distintos cursos. Con elas traballaremos as catro destrezas, comprensión e expresión oral e comprensión e expresión escrita. Cada profesora será a encargada de realizar a escolma desas actividades tendo en conta tres factores:

- Os contidos mínimos establecidos para cada nivel;
- As necesidades específicas de cada grupo de alumnos/as;
- O carácter do contido a revisar, é dicir, se é esencial para a continuidade dos estudos de Francés en cursos posteriores sen dificultade por parte do alumnado.

Estas actividades servirán de repaso e preparación para aquel alumnado que non superara a materia na 3ª avaliación e que deba presentarse ao exame final para recuperala.

Esta proba estará valorada sobre 10 puntos e o resultado obtido será a nota final do alumno/a na materia de Francés.

Para o alumnado que xa superara a materia na 3ª avaliación, proporemos outra proba distinta, sobre os mesmos contidos revisados nas últimas clases. Esta proba terá carácter voluntario e con ela o alumnado poderá sumar de 0 a 1 punto a súa nota da 3ª avaliación.

Na ESO pódese dar o caso dun grupo no que ningún alumno deba recuperar a materia, polo que as actividades propostas poden ser de ampliación incluíndo contidos que quedaran sen ver dese curso, adiantando os do curso seguinte ou incluso, a profesora pode optar por actividades máis lúdicas e culturais, tratando aspectos da cultura francófono como a literatura, o cómic, o cine, a música que durante o curso non puideron ser tratados de xeito tan amplo. A decisión por un tipo de actividades ou outro dependerá da profesora e das intencións de cada grupo.

O alumnado que decida non presentarse á proba para subir nota, terá como nota final da materia de Francés a obtida na 3ª avaliación.

No BACHARELATO

Dende o remate das probas da 3ª avaliación, ao igual que nos grupos da ESO, empezaremos xa coas actividades previstas polas profesoras para estas semanas entre a terceira avaliación e a final. Estas actividades servirán de repaso e preparación para aquel alumnado que non superara a materia na 3ª avaliación e que deba presentarse ao exame final para recuperala. No Bacharelato soamente haberá un tipo de proba para este alumnado suspenso. A proba estará valorada sobre 10 puntos, versará sobre as catro destrezas e o resultado desta proba será a nota final do alumno/a na materia de Francés.

Os alumnos/as que superen a materia na 3ª avaliación, non poden optar a subir nota, entendéndose como nota final da materia de Francés a nota da 3ª avaliación.

No caso de que todo o alumnado do grupo superara a materia na 3ª avaliación, todas as actividades serían de ampliación, insistindo na preparación para as ABAU, ou tratando aspectos da cultura cultura francófono como a literatura, o cómic, o cine, a música, etc,... que durante o curso non puideron ser tratados de xeito tan amplo.

En Noia, a 8 de xuño de 2022

Mª Elena Martínez Bautista
Xefa Departamento Francés
IES Virxe do Mar